

## ORDENANZA FISCAL NÚM. 119

## TAXA POR DEREITOS DE EXAMES

**ARTIGO 1º.**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por dereitos de exame, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre quen soliciten participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ás que se refire o artigo anterior.

**ARTIGO 4º. DEVENGO**

1. O devengo da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

2. A devandita solicitude de inscrición non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 6º desta ordenanza.

**ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA**

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, determinánse en función do grupo ou escala a que corresponde a praza a cubrir, sendo as seguintes:

|                                                       |         |
|-------------------------------------------------------|---------|
| Grupo A, Subgrupo A1:                                 | 19,50 € |
| Grupo A, Subgrupo A2:                                 | 17,30 € |
| Grupo B:                                              | 16,20 € |
| Grupo C, Subgrupo C1:                                 | 15,15 € |
| Grupo C, Subgrupo C2:                                 | 13,00 € |
| Agrupacións profesionais sen requisito de titulación: | 10,80 € |

**ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN**

1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada ou na Tesourería municipal, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición, non admitíndose o pagamento fóra do devandito prazo.

A falta de pagamento da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada.

2. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible da taxa non se realizase, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algúns dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó interesado.

## **ARTIGO 7º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1.- Estarán exentos do pago da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

2.- Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral.

3.- Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

4.- Os interesados deberán xustificar as circunstancias, mediante a oportuna documentación, no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

## **ARTIGO 8º. INFRACCIONES E SANCIÓNIS TRIBUTARIAS**

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas establecidas na vixente Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

## **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>21</sup>.

---

<sup>21</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 14 de novembro de 2016, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2017 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 300 do 31/12/2016).